



INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE E IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE: REVISIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE

A Xunta de Goberno Local de 25 de maio de 2020 acordou, a proposta do Concelleiro de Mobilidade e Seguridade aprobar o expediente de “Revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible” (PMUS). Actuacións incluídas no programa EDUSI 20217-25 cofinanciado polo Concello de Santiago e os fondos FEDER, acordou a aprobación do gasto e a apertura do procedemento de adxudicación.

Iniciada a tramitación do expediente e presentadas as ofertas polos licitadores, o mesmo órgano acordou deixar deserta a licitación da revisión do PMUS, xa que ningunha das empresas acredita debidamente que as persoas propostas nas distintas ofertas como delegados do plan dirixiron ou coordinaron equipos técnicos que elaboraran un mínimo de dous PMUS en cidades de máis de 100.000 habitante, requisito mínimo este de obrigado cumprimento de acordo co prego técnico de aplicación.

Neste senso, acordouse tamén deixar sen efecto a financiación comprometida para esta licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 030 15100 2270600 2017 3 EDUSI 4 1, de acordo co desagregamento por anualidades:

Anualidade 2020: 100.000 €

Anualidade 2021: 100.000 €

Asemade, acordouse restituír a garantía definitiva no seu día constituída pola empresa TEMA INGENIERÍA S.L., por importe de 6.115,70 €; así como a taxa ola formalización do contrato e os timbres municipais aboados en cumprimento do requirimento recollido na resolución da Concelleira Delegada de Facenda e Contratación de data 5 de marzo de 2021.

Posteriormente, a Xunta de Goberno de 27 de setembro de 2021, toma conta da resolución 118/2021 recaída no recurso especial de contratación 174/2021 contra a resolución anteriormente mencionada, que declarou deserto o concurso. Tamén toma conta da resolución nº 188/2021 do TACGal pola que se acordou rexeitar o recuso especial de contratación 174/2021 interposto pola UTE TERRAVANZA-MULTICRITERI-MCRIT, contra o acordo da Xunta de Goberno a que se ten feito referencia, pola que se declaraba deserta a licitación da Revisión do PMUS.



Persistindo a necesidade de elaborar un Plan de Mobilidade actualizado ás circunstancias actuais da cidade e, en base as mesmas consideracións e xustificación que no seu día serviron de base para iniciar o procedemento de licitación para a redacción do documento de revisión, se emite o seguinte informe de necesidades substancialmente semellante ó que, no su día foi asinado polo Arquitecto de Planeamento e Xestión do Concello.

Para facer viable a licitación e evitar os escollos que impidiron proseguir a que foi iniciada no seu día, levouse a cabo a revisión dos pregos técnicos e os criterios de adxudicación do prego administrativo, que agora se semente a aprobación.

En consecuencia, a xustificación da idoneidade da contratación da revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible, se base nas seguintes consideracións:

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

“Artigo 28.Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

1.As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.”

Na actualidade acumúlanse as razóns que cuestionan a plena validez do PMUS vixente e que levan ao Concello a contratar a súa revisión:

O PMUS vixente, que data dos anos 2010 e 2011 posuía un horizonte de aplicación de 8 anos, prestaba unha atención especial á rede de transporte público. Tralo tempo transcorrido o documento demanda unha actualización que debe integrar a planificación dos demais modos de transporte.

O PMUS vixente desenvolveuse ao mesmo tempo que se estaban a construír na cidade novas infraestruturas viarias e equipamentos que mudaron substancialmente os patróns de mobilidade e que precisan ser estudados, analizados e descritos novamente na revisión do PMUS.



Un dos ámbitos de mobilidade tradicionalmente esquecidos é o do medio rural e o da súa relación coa cidade compacta. A revisión do PMUS debe considerar estes fluxos e propor medidas para a súa mellora e integración dentro dos fluxos globais.

O crecemento económico e demográfico da Área Metropolitana de Santiago trouxo consigo a expansión urbana dos núcleos de poboación lindeiros co noso concello, os cales xeran crecentes fluxos de mobilidade transmunicipais que precisan ser descritos e cuantificados para completar a fotografía dunha mobilidade local que cada vez é máis supramunicipal. Constátase que os desprazamentos diarios cara á cidade son moi superiores aos que se orixinan na propia cidade, os cales se poderían resolver con certa comodidade tendo en conta que o solo urbano municipal acolle a só 80.000 habitantes. A Enquisa Estrutural a Fogares realizada polo Instituto Galego de Estatística en 2015 sinalaba que Compostela é a cidade galega onde unha maior porcentaxe da poboación ocupada traballa no mesmo concello en que reside.

Dende un punto de vista tanto social como económico e ambiental, o mundo enteiro, as cidades , e entre elas Compostela, precisan responder ao cambio climático facendo unha aposta polos modos brandos de mobilidade. Isto implica a necesidade de reorganizar a rede utilizada polos vehículos privados, reducindo drasticamente a circulación polo interior da cidade compacta, e de potenciar, ademais da rede do servizo público de transporte colectivo urbano, os desprazamentos peonís e en bicicleta, dentro dunha estratexia global de conservación do medio e da saúde da cidadanía.

Desde o ano 2015, co gallo da redacción da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado 2017-25 (en diante EDUSI), púxose de relevo a necesidade de formular un PMUS que persiga e promova un transporte privado máis limpo e respectuoso coa saúde e o ambiente, a potenciación do transporte colectivo e da conexión urbana-rural, a implementación de melloras na rede viaria, a ampliación dos usos ciclista e peonil, a aposta pola mobilidade eléctrica e o desenvolvemento de sistemas de subministro de entidades locais.

No ano 2016 o Concello aprobou, coa participación dos grupos políticos da corporación municipal, do tecido asociativo e dunha representación aberta da cidadanía, un Pacto Local pola Mobilidade (en diante PLM) onde se describen as necesidades e os obxectivos do municipio en materia de mobilidade.

Este acordo debe ser asumido e integrado completamente, incorporándose como parte inspiradora e á vez constitutiva do novo documento do PMUS.

No ano 2017, impulsado polo Concello de Santiago e pola Xunta de Galicia, comezou a elaboración do Plan Director dos Camiños de Santiago, que representa unha oportunidade para devolver a estas vías históricas o seu carácter de eixos en sentido



de entrada na cidade. Para logralo é necesario acometer unha reordenación dos sentidos de circulación nas principais arterias urbanas de comunicación.

No ano 2018 o Concello comezou a licitación do novo servizo municipal de transporte colectivo urbano de viaxeiros, a cal deseña unha nova rede caracterizada pola súa ampliación, aumento de frecuencias, distancias e velocidades, e simplificación. Tamén prevé de cara ao ano 2020 a integración das as concesións autonómicas que actualmente prestan servizo interno, actualmente prorrogadas de forma excepcional. Por esta razón é preciso incorporar esta importante novidade na revisión do PMUS.

Asemade deberase ter en conta e estimar o impacto da construción da nova Estación Intermodal que implicará o tras lado da actual estación de autobuses e a concentración de todos os fluxos de entrada e saída de autobuses e ferrocarril, e a súa necesaria consideración como un polo atractor de mobilidade, non só do transporte motorizado senón tamén da mobilidade peonil e de bicicleta.

Proximamente está prevista a licitación do Plan de Accesibilidade Universal do Concello de Santiago (en diante PAU), cuxa redacción se desenvolverá coincidindo coa revisión do PMUS. Por esta razón a única obriga da adxudicataria en relación coa accesibilidade será coordinarse co equipo redactor do PAU para integrar as súas directrices, os produtos intermedios e os informes provisionais que estean dispoñibles.

DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

1. UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

Centro xestor propoñente: 03

Persoa responsable do seguimento: MARIA MORENO BERGUER

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato de servizos será fixar as condicións técnicas para a Revisión do Plan de Mobilidade Urbana e Sostible que estará integrado por varias fases: información, análise, diagnose e planificación estratéxica, con dúas claras intencións unha sería incorporar decididamente a mobilidade a pé e en bicicleta aos modos de mobilidade urbana, para o que será necesario a reconfiguración de parte do espazo viario, incorporando ás actuais avenidas e rúas, espazos –proprios ou compartidos- para estes outros modos de mobilidade. E outra fomentar o transporte público, con vehículos e paradas adaptadas a todas as persoas.



3.-PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Aberto

4.- DIVISIÓN POR LOTES

SI:

NON:

Non é posible a contratación independente da fase de información, análise e diagnóstico, da fase de redacción do documento, xa que ambas han ser retroalimentadas en todo momento. Así, a información, e a súa análise, vaise modulando en función de estratexias que respondan aos obxectivos diagnosticados que se vaian formulando, sempre no marco das finalidades expostas no Prego de Condicións, e reconducidas pola coordinación municipal técnica e polas achegas producidas nos diferentes momentos e procedementos que garantan a necesaria participación pública.

5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

A inclusión desta REVISIÓN do PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS) na EDUSI leva aparellada a necesidade de contratar cunha asistencia técnica externa, ante a imposibilidade de que estas tarefas se poidan realizar por persoal do Servizo de Mobilidade e Seguridade, pola especialización necesaria e pola necesaria realización das tarefas ordinarias do mesmo que imposibilitan a especial dedicación que supone a elaboración dun documento como o que se pretende levar a cabo.

A elaboración da Revisión do PMUS realizarase a totalidade do territorio municipal e terá en conta as influencias dos territorios limítrofes seguindo as determinacións do Prego Técnico que se elabora ao efecto.

6.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA E OUTROS REQUITISTOS DE SOLVENCIA TÉCNICA

NON SE ESIXE

7.- NOMENCLATURA (CPV) 71311200-3

8. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E

Para a estimación dos honorarios de elaboración da Revisión do PMUS, seguíronse os baremos orientativos de honorarios dos colexios profesionais e de outras ofertas presentadas para a realización de traballos profesionais asimilables, en base ó Estudo Económico realizado con data 24 de novembro de 2021, por D. Francisco Xavier Martínez Cobas, profesor titular de Economía Financeira e Contabilidade da Universidade de Vigo.

Deste xeito, considerase que os traballos desta índole deben realizarse por un ha cantidade máxima de 200.000 €, IVE incluído.

Os honorarios estímense pois en: 200.000 € (IVE incluído)

Debe entenderse que se inclúen nestes honorarios correspondentes a tódalas fases da tramitación administrativa ata á aprobación definitiva do documento.

Xúntase estudo económico da valoración do contrato elaborado, ao que se ten feito referencia.

9. PARTIDA ORZAMENTARIA

Nº Aplicación orzamentaria:030-15100-22706

Proxecto: 2017 3 EDUSI 4

Existencia de cofinanciación

SI:X (Fondos FEDER ao 80%)

NON:

10.-TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN:

Tipo Base 165.274,07 €

21% IVA. 34.707,55 €

Total 199.981,62

11.-PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS E LUGAR DE EXECUCIÓN

Os traballos executaranse nun prazo máximo de 12 meses.

O lugar de execución é o Concello de Santiago de Compostela

12.- ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA

- 150.000 € (IVE incluído) á conclusión da fase de diagnóstico

- 50.000 € (IVE Incluído) á finalización dos traballos

A XEFE DO SERVIZO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE